



## PONTEVEDRA ESCENARIO DE HISTORIAS



### CAAMAÑO, Adolfo. Soberano. A Nosa Terra, 2004

O accidente dun camión que transporta botellas de brandi Soberano é o punto de partida para presentar unha xeración xuvenil enfocada a un cambio histórico. Premio Benito Soto 2004.




### CARREIRO, PEPE. Buscando a Linda en Pontevedra. A Nosa Terra, 2003

Percorremos as rúas da cidade monumental da man da nosa familia favorita.



### CARREIRO, Pepe. Polo río Lérez vai un peixiño. A Nosa Terra, 2006

Perseguir un corvo que levou un peixe?. Aí andan os Bolechas na súa aventura polo Lérez ao seu paso por Pontevedra.



### CASALDERREY, Fina, CHAVETE, Xosé. A filla das ondas. Kalandraka, 1999

Froiaz acaba de mudarse a Pontevedra e na compañía de Mariña, unha pequena sereia, quedará namorado da cidade a través da súa historia. Premio Benito Soto en 2003.



### CASTROVIEJO, José María. La burla negra. EMESA, 1973


O último pirata da ría, Benito Soto, faise coas rendas do barco no que está enrolado. Comeza a lenda do Burla negra, o barco más temido do Atlántico.

## 2 Guía Bibliográfica Pontevedra literaria



### CERVIÑO PORTO, Guillermo. Los secretos de Sara. Verbum, 2015

Sara é unha adolescente que busca desentrañar os segredos da súa poderosa familia e está disposta a todo.




### FORTES, Susana. El azar de Laura Ulloa. Planeta, 2006

Unha historia de segredos e paixóns familiares que transcorre entre Vilavedra, lugar imaxinario inspirado en Pontevedra, e Cuba.




### FREIXANES; Víctor. O triángulo inscrito na circunferencia. Galaxia, 1982

Novela histórica ambientada na década ominosa do século XIX na cidade de Vilanova de Alba, trasunto poético de Pontevedra. A novela foi merecedora dos Premios Blanco Amor e da Crítica de Galicia e da Crítica Española.




### LÓPEZ LÓPEZ, Xabier. A vida que nos mata. Galaxia, 2004

Sebastián Faraldo, xornalista obeso e sentimental, intenta clarexar toda unha lea de intereses e paixóns ocultas tras un dobre asasinato percorrendo diferentes escenarios que o traen a Pontevedra nos anos da II República.



### LOUREIRO, Manel. Apocalipse Z. Urco, 2015

Un virus mortal expándezese polo planeta. O noso protagonista, un xove avogado que vive en Pontevedra, tratará de sobrevivir ao apocalipse.



### LOUREIRO, Manel. La puerta. Planeta, 2020


O cadáver dunha moza aparece na mítica Porta do Alén no que semella ser un asasinato ritual. A axente Raquel Colina buscará aos culpable mentres loita pola vida do seu propio fillo.

### 3 Guía Bibliográfica Pontevedra literaria



#### **LOURENZO GONZÁLEZ, Manuel. Cegoñas no fondo da ría. Urco, 2015**

Cegoñas no fondo da ría é unha colección de 25 “atopocronías”, sucesos que conforman un corpus mítico-histórico-marabilloso dunha (outra) cidade de Pontevedra.




#### **MIRANDA, Xosé. Morning star. Xerais, 1998**

Clásica novela de aventuras onde un rapaz, Lourenzo, cruza o seu destino cun bandoleiro na busca dun tesouro pola comarca da Pontevedra do século XIX.



#### **MONTEAGUDO, Xosé. Todo canto fomos. Galaxia, 2016**

Máis dun século da historia de Galicia percorre esta novela coral que constrúe un relato do pasado que segue a alentar o noso presente.




#### **OTERO PEDRAYO, Ramón. Devalar. Galaxia, 1992**

Unha novela que bascula entre a narración e a reflexión histórica e cultural de Galicia na que os protagonistas son os rapaces que abrazan o galeguismo no Seminario de Estudos Galegos.




#### **PARDO BAZÁN, Emilia. La prueba. Pueyo, 1906**

Salustio está profundamente enamorado da muller do seu tío; ela loita piadosamente por rexeitar os seus sentimentos.



**PELÁEZ, Ángel. Punto de giro. Ézaro, 2019**

Marcelino Deza é un pontevedrés normal cunha vida na que nada pasa ata que se atopa de fronte cun punto de xiro, un cambio no guión.



**PEÓN TORRES, Fátima. Camposanto. Fundación Caixa Galicia, 2003**

Dende pequenas Sofia e Lea manteñen unha intensa amizade pero a vida vai complicándose e será difícil que as cousas sigan igual. Esta novela recibiu o Premio Rúa Nova no 2003




**REI NÚÑEZ, Luís. O encargo do señor Castelao. Xerais, 2016**

Nesta biografía novelada o autor debuxa os fecundos anos que pasou Castelao na cidade de Pontevedra e con el percorre parte da historia de Galicia.



**REI NÚÑEZ, Luís. Toda a vida. Xerais, 2005**

Unha vella historia de amor que busca desde os tempos escuros da posguerra o seu momento; uns mozos que se aman nestes tempos sen compromiso. A novela transita polo incerto territorio do amor e o desamor.



**TORRENTE BALLESTER, Gonzalo. La saga/fuga de J. B. Castalia, 2010**

A tranquilidade de Castroforte de Baralla, a vila imaxinada que copia a Pontevedra, vese interrompida polo roubo dunhas reliquias. Un home, con iniciais J. B., terá que salvar a cidade como antes o fixeran outros homes chamados J.B. Con este divertimento gañou o seu autor o Premio da Crítica.

## 5 Guía Bibliográfica Pontevedra literaria




### **TORRES, Sabino. As tres columnas: crónica sentimental da Mourreira das putas. Galaxia, 2008**

O editor da mítica colección Benito Soto recrea un tempo e un espacio que, sen dúbida, ha de recoñecer unha xeración de pontevedreses.



### **TROCHE, R. Luna en los charcos. Roberto del Río, 2000**

Un exercicio de nostalxía pontevedresa nestas memorias que nos levan os tempos do vello Colexio de la Inmaculada.



### **VÁZQUEZ PINTOR, Xosé. A memoria do boi. Xerais, 2001**

O Campo do Boi da pé á imaxe metafórica dun animal resistente, leal e memorioso e a vella Pontevedra é o espazo onde se tecen poéticamente biografías que permiten ao autor recrear vellos tempos rigorosos. A novela recibiu o Premio Torrente Ballester.